

Volumen 7 nº 12, junio de 2022
Volume 7 nº 12, June 2022

Patóxenos Descritos en Galicia
Cylindrocladium pauciramosum C.L. Schoch &
Crous

*Plant pathogens referenced in Galicia - Cylindrocladium
pauciramosum C.L. Schoch & Crous*

Revisión Técnica – Technical Revision

J.L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.



Professional Plant Protection 12: 269 – 277
© 2022 Consultorías Noroeste S.C.

Patóxenos de plantas descritos en Galicia – *Cylindrocladium pauciramosum* C.L. Schoch & Crous

Plant pathogens referenced in Galicia – Cylindrocladium pauciramosum C.L. Schoch & Crous.

J.L. Andrés Ares.

Consultorías Noroeste S.C.

Aprobado en maio de 2022

Revisión técnica – *Technical revision*

2445-1703(20220630)7:12<269:PDPDEG>1.0;CD;2-B

Fotografías: J.L. Andrés Ares¹ & A. Rivera Martínez²

¹ Consultorías Noroeste S.C.

² Servizo de Explotacións Agrarias de A Coruña – Xunta de Galicia

Artigo escrito en idioma galego – *Paper written in Galician language*

Resumo

No presente traballo de revisión o autor describe as características biolóxicas mais relevantes así como os métodos de control do patóxeno descrito en Galicia – *Cylindrocladium pauciramosum* C.L. Schoch & Crous.

Palabras clave: Podredume de pé.

Abstract

In the present paper the author describes the most relevant biological aspects as well as management methods of the pathogen referenced in Galicia – Cylindrocladium pauciramosum C.L. Schoch & Crous.

Key words: blackleg.

1. Introducción

A partir do ano 1993 detectouse a presenza dunha doenza importante en viveiros de produción de poligala –*Polygala myrtifolia*– da illa de Sicilia, para, posteriormente, aparecer tamén no este español –Valencia–. Trátase de *Cylindrocladium pauciramosum* axente causante de podremias de colo e raíz en plantas de *Polygala myrtifolia*.

Trátase dunha doenza cunha mortalidade que se reduce de forma moi significativa en caso de tomar unha serie de medidas de control de forma integrada, que comprenden medidas culturais, sanitarias e químicas. As medidas de control químico de forma exclusiva non permiten

realizar un control eficiente do patóxeno.

En Galicia Andrés identificou a presenza de *Cylindrocladium pauciramosum* producindo podremias de colo en plantas de *Polygala myrtifolia* e outras especies leñosas ornamentais detalladas no epígrafe 3 do presente artigo.

2. Descrición do patóxeno

Denominación segundo Index Fungorum: *Cylindrocladium pauciramosum* C.L. Schoch & Crous.

Posición taxonómica: Nectriaceae, Hypocreales, Hypocreomycetidae, Sordariomycetes, Pezizomycotina, Ascomycota.